



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA, POLA QUE SE DESIGNA A COMISIÓN DE VALORACIÓN DO CONCURSO ESPECÍFICO PARA A PROVISIÓN DUN POSTO DE TRABALLO VACANTE NA FISCALÍA DE ÁREA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

De conformidade co artigo 526 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, modificado pola Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro; coa Resolución do 12 de novembro de 2015, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se modifica a relación de postos de traballo das oficinas fiscais da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia; co artigo 50 do Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza, aprobado polo Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro; e mais coa Resolución do 6 de xullo de 2022 pola que se convoca concurso específico para a provisión dun posto de traballo vacante na Fiscalía de Área de Santiago de Compostela,

RESOLVO:

Primeiro. Designar os membros da comisión de valoración do concurso específico de méritos para a provisión dun posto de traballo vacante na Fiscalía de Área de Santiago de Compostela, de conformidade coa base quinta da mencionada resolución da Dirección Xeral de Xustiza do 6 de xullo de 2022 (DOG núm. 137, do 19 de xullo).

Comisión de valoración titular:

Presidenta:

- Verónica Tellado Barcia, funcionaria do grupo A1 destinada na Dirección Xeral de Xustiza.

Vogais:

- Andrea Cal Muñiz, funcionaria do grupo A1 destinada na Dirección Xeral de Xustiza.
- Cesar Domínguez Nocelo, funcionario do corpo de xestión procesual e administrativa destinado na Dirección Xeral de Xustiza.





Secretaría:

-Begoña de la Iglesia Lema, funcionaria do grupo A2 destinada na Dirección Xeral de Xustiza.

Comisión de valoración suplente:

Presidente:

- Rafael Juanatey Mayán, funcionario do grupo A1 destinado na Dirección Xeral de Xustiza.

Vogais:

- Sandra Orgeira Rodriguez, funcionaria do grupo A1 destinada no Servizo de Xustiza da Delegación Territorial da Coruña.

- Alejandro Fontela Pereira, funcionario do grupo A1 destinado no Servizo de Xustiza da Delegación Territorial de Lugo.

Secretaría:

- María Campoy de la Torre, funcionaria do corpo de xestión procesual e administrativa destinada na Dirección Xeral de Xustiza.

Segundo. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición ante o director xeral de Xustiza no prazo dun mes, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na web da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

O director xeral de Xustiza

José Tronchoni Albert

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA
Rúa Madrid, 2-4, 2ª planta
Polígono de Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546217

